

SEGUNDA PRÓRROGA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS NENOS ONCOLÓXICOS DE GALICIA (ASANOG) PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DE ASANOG INTEGRADOS NO PROGRAMA "MEU BEN"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de axuda aos nenos oncolóxicos de Galicia (ASANOG) formalizaron o 31.01.2024 o instrumento convencional arriba referido, a través do cal prorrógase por dous anos mais o acordo asinado en data 31.01.2018.

Este primeiro acordo ten por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Axuda aos Nenos Oncolóxicos de Galicia (ASANOG), para o desenvolvemento dos proxectos integrantes do programa "Meu ben", no ámbito dos departamentos de Onco-hematoloxía pediátrica dos centros públicos do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no interese que teñen ambas partes asinantes no obxectivo prioritario de que ningún neno/a, nin a súas familias teñan que afrontar un tratamento oncolóxico, sen o mellor apoio psicosocial posible. As partes asinantes están interesadas en manter a colaboración iniciada no ano 2018, aproveitando os seus recursos, para facilitar o desenvolvemento dos proxectos levados a cabo por ASANOG nos hospitais do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.